




Catálogo de Nadal 2021

Os teus presentes e compras
do Nadal, en galego

A Mesa pola Normalización Lingüística presenta o Catálogo de Nadal. As empresas de Abertos ao Galego achégannos diferentes propostas para facilitarnos a escolla de agasallos en galego. No Catálogo de Nadal atoparás variedade de produtos para agasallar nestas festas: libros, xogos, alimentación... nos que o galego está presente. Consideramos importante recoñecer as empresas que empregan con normalidade o galego no ámbito socioeconómico. É fundamental visibilizar o galego en datas tan especiais e isto é posíbel grazas ao compromiso destas empresas co uso do galego na súa actividade cotiá.

Coa decisión de facermos presentes en galego como consumidoras e consumidores estamos a pór en valor a nosa lingua, a nosa cultura e tamén a nosa economía. A situación da lingua galega necesita estes pequenos xestos para a súa recuperación.

É momento de desconfinar, tamén, a lingua. Como persoas consumidoras podémolo facer usándoa, activándoa coas nosas escollas e apoiando a quen o fai.

Desexamos un 2022 cheo de responsabilidade e normalidade para o galego.

Marcos Maceira Eiras

Presidente da Mesa pola Normalización Lingüística

Dez razóns para apoiarmos un consumo responsábel co galego

Algunha vez pensaches en que lingua están escritos os rótulos do supermercado onde fas a compra todas as semanas? Ou sabías que é posíbel contratar unha asesoría que che faga a declaración de impostos en galego?

Todas as decisións que tomamos como consumidores e consumidoras teñen implicacións: non ten as mesmas repercusións económicas, laborais ou ecolóxicas comprar un iogur fabricado en Francia que en Galiza, do mesmo xeito que non é o mesmo ter contratada unha empresa de telefonía que emprega persoas que poden atender a clientela en galego ou unha que non dá o seu servizo na nosa lingua.

As empresas que apostan polo galego fano dun xeito consciente, cunha aposta polo propio, pola calidade e pola proximidade. Nós podemos apoialas no noso día a día consumindo os seus produtos e servizos e animando outras persoas a faceren o mesmo.


Propómosvos dez motivos polos que preferirmos empresas que traballan en galego, mais hai moitos máis:

- 1 Porque temos dereito a escoller, e quen escolle a nosa lingua tamén nos escolle a nós.
- 2 Porque o galego nos identifica como cidadáns e cidadás no mundo. Prestixiar o galego é prestixiármolos nós mesmos/as.
- 3 Porque recibiremos unha atención máis personalizada e próxima.
- 4 Porque contribuiremos á creación e mantemento de postos de traballo no noso país. As empresas que poden atendernos en galego teñen no seu cadro de persoal traballadores e traballadoras galegos/as. Apostar por estas empresas é apostar por crear postos de traballo na nosa terra.
- 5 Porque estaremos apostando por empresas que asumen a súa responsabilidade social.
- 6 Porque podemos apoiar empresarios e empresarias que fan un esforzo polo uso do galego.
- 7 Porque dun xeito amábel e directo podemos facer máis polo noso idioma que moitas campañas de divulgación. Apoiando activamente as empresas que apostan polo galego estamos facendo moito por promovermos o galego no ámbito socioeconómico.
- 8 Porque contribuiremos a que outras empresas usen o noso idioma de xeito normal. Apoiar a presenza do galego no ámbito socioeconómico dálle prestixio á lingua e ten efectos multiplicadores noutros ámbitos da vida social.
- 9 Porque as empresas que usan o galego, interna e externamente, entenden que o noso idioma é un elemento positivo para a súa imaxe.
- 10 Porque os produtos etiquetados en galego teñen tanta ou máis calidade que outros. A lingua galega é unha marca de orixe e a orixe galega dos produtos é un sinal de calidade, e en moitos casos de elaboración natural e artesanal.



A lingua galega no sector téxtil

Visión, opinión e posición da xeración *millennial* galega



Anabel Antela Castro

NOVIDADE

A lingua galega no sector téxtil

Visión, opinión e posición da xeración *millennial* galega

Anabel Antela Castro

Son tempos, pois, nos que as galegas e os galegos temos que reflexionar se queremos manter unha lingua viva, que poidamos usar a diario, ou un idioma que só se fale de xeito ritual e se estude nas facultades como algo do pasado. Traballos como o de Anabel Antela Castro demostran que hai unha mocidade implicada que opta pola defensa do galego e que a nosa lingua ten futuro.

◀ 10,00 € Libro 15 × 25 cm. 84 páxinas

Tópicos sobre a lingua galega

Suso Fernández Acevedo

O feito de que se considere pertinente e necesario explicar publicamente estas obviedades é proba de que o proceso de normalización lingüística vai á deriva, de que as décadas que pasaron xa desde que se aprobou por unanimidade a Lei de normalización lingüística non deron de si o froito que sería desexábel para eliminar prexuízos sen sentido e lograr que se valore o sinal máis evidente da nosa identidade, de que aínda estamos aquí.

Argumentario informal que pode axudar a eliminar prexuízos absurdos ou, cando menos, reducir a súa presenza. Como se afirma neste libro: «A historia demostra que non hai precisamente permisividade a favor do galego».

Libro 10,5 × 15,5 cm. 32 páxinas 3,00 € ▶



▲ 1,00 € Libro 10,5 × 15,5 cm. 32 páxinas

O idioma é a vida

Escolma de textos sobre a lingua galega de Manuel María

Manuel María é unha das voces máis importantes e singulares da literatura galega contemporánea. Xeralmente máis coñecido como poeta, tamén cultivou outros xéneros literarios como a narrativa, o teatro, o ensaio ou a prosa xornalística, a se converter así nun dos autores máis prolíficos e polifacéticos da nosa historia literaria. Ao mesmo tempo, o compromiso cívico coa nación galega, coas clases populares e co idioma propio converten o autor nun referente para a sociedade galega e nunha das súas figuras exemplares.

O idioma é a vida. Escolma de textos sobre lingua galega é unha escolla dos textos máis representativos que Manuel María dedicou á exaltación e defensa da lingua galega.

Para mellorarmos a calidade da nosa lingua

Xosé Ramón Freixeiro Mato

Para podermos garantir o seu futuro, o galego necesita deter a perda constante de falantes, mais tamén frear o proceso de degradación interna por castelanización das súas estruturas. Cómpre, pois, reconstruírmos a calidade da lingua.

Libro 10,5 × 15,5 cm. 32 páxinas 3,00 € ▶




Situaçom presente e orientaçom futura dos problemas gerais da nosa língua

Ricardo Carvalho Calero

Conferencia de encerramento do Encontro sobre o estado actual da normalización lingüística en 1986. Este encontro deu lugar á constitución da Mesa pola Normalización Lingüística.

Libro 10,5 × 15,5 cm. 36 páxinas 3,00 € ▶





O abecedario

Ilustracións de Óscar Villán

O abecedario, as 23 letras do abecedario galego acompañadas dunha ilustración de Óscar Villán, é para aprender mais tamén para admirar as ilustracións, para ver, imaxinar ou inventar.


Este libro ten como obxectivos incrementar o uso do galego na educación infantil, proporcionar materiais en galego para nenos/os de 0 a 6 anos, potenciar o uso de vocabulario en galego, recoñecer as letras e aprender o abecedario galego.

◀ 9,00 € Socios/as 7,20 €

Lámina O abecedario

Medida: 42 x 70 cm

Socios/as 10,00 € 12,50 € ▶



As aves

Ilustracións de Calros Silvar

As aves, con 30 ilustracións de Calros Silvar, é para aprender, identificar e provocar interese polo mundo das aves nas nenas e nenos.

Este libro ten como obxectivos incrementar o uso do galego na educación infantil, proporcionar materiais en galego para nenos/os de 0 a 6 anos, potenciar o uso de vocabulario en galego e aprender o nome de aves galegas comúns.

▲ 9,00 € Socios/as 7,20 €



CHASCO



Peixes e outra fauna mariña

Ilustracións de Tokio

Os peixes e outra fauna mariña, con 30 ilustracións de Tokio, é para aprender, identificar e provocar interese polo mundo dos peixes, crustáceos, moluscos e outra fauna mariña nas nenas e nenos.

Este libro ten como obxectivos incrementar o uso do galego na educación infantil, proporcionar materiais en galego para nenas/os de 0 a 6 anos, potenciar o uso de vocabulario en galego e aprender o nome de peixes comúns.

◀ 9,00 € Socios/as 7,20 €



O tempo meteorolóxico

Ilustracións de Miguel Robledo

O tempo meteorolóxico, con 30 ilustracións de Miguel Robledo, é para aprender, identificar e provocar interese polo tempo meteorolóxico nas nenas e nenos.

Este libro ten como obxectivos incrementar o uso do galego na educación infantil, proporcionar materiais en galego para nenas/os de 0 a 6 anos, potenciar o uso de vocabulario en galego e aprender o nome dos fenómenos meteorolóxicos.



Socios/as 7,20 € 9,00 € ▶



O tempo cronolóxico

Ilustracións de Xulia Vicente

O tempo cronolóxico, con 30 ilustracións de Xulia Vicente, é para aprender, identificar e provocar interese polo tempo cronolóxico nas nenas e nenos.

Este libro ten como obxectivos incrementar o uso do galego na educación infantil, proporcionar materiais en galego para nenas/os de 0 a 6 anos, potenciar o uso de vocabulario en galego e aprender o nome dos elementos cronolóxicos.

Socios/as 7,20 € 9,00 € ▶





A voz do vento (libro-CD)

Poemas de Manuel María. Música de Fran Amil e a tribo incomprensíbel. Ilustracións de Jano

A voz do vento é unha homenaxe ao recoñecido poeta e incansábel activista a prol da nosa lingua e de tantas causas xustas, socio e xeneroso colaborador da Mesa.

O libro ilustrado por Jano componse de 11 temas. Os temas son extraídos dos libros: *Terra Chá*, *Proba documental*, *Aldaxe contra a xistra*, *Cantos rodados para aliados e colonizados*, *Versos do lume e o vagalume*, *A luz resucitada*, *As lúcidas lúas do outono* e *Sonetos á casa de Hortas*.

A tribo incomprensíbel está composta por Aarón Bouzón, Álex Bardanca, Fran Amil, Paco Cerdeira e Ricardo Casás.

◀ 20,00 € Socios/as 16,00 €


A viñeta de Schrödinger

Revista trimestral de banda deseñada

A viñeta de Schrödinger é unha revista trimestral de banda deseñada galega de 32 páxinas a toda cor, cun tamaño 17 x 24 cm.

Editada pola Mesa e a AS-PG e dirixida por Kiko da Silva. Os números 1 e 2 conteñen historietas autoconclusivas de Miguelanxo Prado, Kohell, Miguel Porto, Aldara Joan Casaramona, Fonso Barreiro, Zaida Novoa, Miriam Iglesias, Pablo Prado, Fran Bueno, Miguel Rojo, Víctor Rivas, Antonio M. Fraga, Fernando Llor, Kiko da Silva e portada de Miguel Robledo. Ademais de entrevistas a autores/as nacionais e internacionais feitas por Roberto M. Sotomulo.

▼ 5,00 € Socios/as 4,50 €. Subscrición anual (4 números) 20,00 €; socios/as 18,00 €





Chapas 38 mm

◀ 1,00 €



▲ 10,00 €

Camisola **A fala é a voz da terra e máis do mar**

Deseño con cita de Manuel María



▲ 5,00 €

Camisola **Queremos galego**

Bodi **Eu quero o galego**

▼ 15,00 € Talles 3-6 m, 6-12 m, 12-18 m



Chapa 38mm
Eu quero o galego

▼ 1,00 €



▲ 10,00 €

Camisola **Eu quero o galego**



Póster xigante para colorear

Ilustración de Miguel Cuba

Material para o público infantil e xuvenil. Contén un póster para colorear de 100 x 70 cm e un despregábel con información para que mentres pinten busquen as escritoras, escritores e personaxes literarios do País das Letras.

Este material ten como obxectivos divulgar a cultura, historia e a lingua de Galiza, fomentar a lectura en lingua galega para avanzarmos no proceso de normalización lingüística, difundir a literatura galega entre a xente nova e proporcionar materiais atractivos en galego.

◀ 11,90 € Socios/as 9,50 €

País das Letras

A MESA PARA NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA

Lámina País das Letras

Ilustración de Miguel Cuba

Medida: 70 x 49 cm

Inclúe un despregábel con información de escritoras, escritores e personaxes literarios.

Socios/as 10,00 € 12,50 € ▶





Ana e a lúa lueira de Toño Núñez
Música de Fernando Gómez Jácome.
Ilustrado por Noemí Núñez



Ana, unha nena de casa mariñeira que perdeu a súa nai, protagoniza este conto musicado. En ausencia dos seus pais, a lúa lueira acompañaa e protéxea do malvado ogro que axexa desde as montañas.

◀ **13,00 €** Tapa dura, 37 pág.

Os libros que hai en min de Emma Pedreira

Motivada por unha teima persoal coas listaxes e pola paixón pola lectura, Emma Pedreira ofrécenos neste "libro dos libros" unha panorámica dos textos da súa vida. Lecturas transformadoras enfiadas con experiencias vitais transformadoras. Un libro chamado a ser desfrutado por todo tipo de lectores e lectoras.


Tapa branda con lapelas, 155 pág. **15,00 € ▶**



Virtudes e misterios de Xesús Fraga

Esta multipremiada novela cóntanos unha historia de galegas emigradas, galegas retornadas e galegas que agardan. Lonxe de ser un relato superficial, as súas personaxes, fundamente humanas, compártennos de primeira man a vida de dúas xeracións de galegas que conviven cas consecuencias da emigración a Inglaterra e a América.

▼ **19,70 €** Tapa branda con lapelas, 362 pág.



Coidadora de María Marco

A primeira novela de María Marco, premio Xerais XXXVII reivindica os coidados como trincheira fronte ás lóxicas produtivistas do capitalismo. Trátase dun relato fragmentario que se serve de fontes diversas (neuroloxía, ciencia ficción...) para poñer sobre a mesa problemas sociais de actualidade dunha maneira que, de seguro, non deixará a ninguén indiferente.

Tapa branda con lapelas, 180 pág. **17,50 € ▲**

A vella compañeira de Anxo Lugilde

A crónica sen ambages dunha vida en batalla contra a depresión. O xornalista lugués agasállanos cun relato a cara descuberta contra o estigma da saúde mental que visibiliza unha loita coa que moitos se sentirán identificados. Un libro valente e necesario.

◀ **18,00 €** Tapa branda, 250 pág.



Madeira e metal de Laura Rey Pasandín. Ilustrado por Laura Romero

Aixa, unha nena de aldea, habilidosa e festeira, ten que marchar coa súa familia á cidade.

A morriña, a lembranza permanente da aldea e a vida que nela se gozaba fan que busque a alegría a través da música. A partir de madeira e metal recupera os sons da terra, do ar e do lar que perdera ao chegar á cidade.

Un conto que nos achega ao sentimento tan noso e tan universal, como é a morriña e a súa expresión a través da música.

▼ 13,00 € 24 páx.



A pita xefa de Marta Lado Ilustrado por Marina Seoane

Gañadora do III Premio Fina Casalderrey de Literatura Infantil pola Igualdade (2021)

Unha pequena pita cun soño pode facer moitas cousas: salto de lonxitude, bailar claqué... pero, sobre todo, pode conseguir o máis importante: mudar as normas do galiñeiro!

A temática axústase estritamente ás bases, criticando os roles de xénero tan asentados na nosa sociedade e loitando contra os estereotipos, cunha historia orixinal, divertida e reivindicativa sen caer en dogmas nin estereotipos.

Enmárcase nun mundo animal-natureza co que é doado que se identifiquen as lectoras e lectores aos que vai dirixida, considerando un acerto o emprego da imaxe do galiñeiro, que ilustra perfectamente as leis que rexen o comportamento dos distintos individuos que o forman, piramidal e dominada polo galo.

Abre a porta a unha mudanza dos comportamentos establecidos dun xeito lúdico sen caer no dirixismo e tratando á rapazada con intelixencia. Anima a romper cos esquemas sexistas dominantes, pon de manifesto a utilidade da unión e anima a loitar por un obxectivo igualitario.

◀ 14,00 € 30 páx.

Ana e a lúa lueira de Toño Núñez Música de Fernando Gómez Jácome. Ilustrado por Noemí Núñez

Un conto e un canto. Ana e a lúa lueira é un conto-canción ambientado nun contexto mariñeiro, pero dirixido ao mundo interior de calquera nena ou neno. A través dunha coidada linguaxe poética, este conto ofrécese como unha ventá aberta ao espazo das emocións, da tenrura, da sensibilidade e da beleza. Textos, música e ilustracións van da man en perfecta simbiose e harmonía. Tres linguaxes complementarias que dialogan e se enriquecen ao servizo dunha causa común: engaiolar a nenas e nenos.

38 páx. 13,00 € ▶

Acompáñase dun QR coas 13 cancións da obra

▼ 17,20 € 34 páx.




Paleta planeta de Yolanda Castaño. Ilustrado por Xosé Tomás

Os autores van un paso máis alá co seu último traballo conxunto, unha proposta tan artisticamente avanzada como Paleta Planeta. Antes do que imaxinado, este libro foi vivido ao longo das múltiples viaxes e experiencias dos seus autores. Tratan nel o universo das cores abordando as súas dimensións psicolóxica, física e cultural: atravesando a experiencia sinestésica e debullando as diversas capas de significado edúcase a sensibilidade visual, creativa e emocional.

Microhistorias nas que desaparecen os límites físicos da realidade: en cada unha destas composicións oníricas crean pequenos mundos autónomos capaces de reunir elementos tanxibles e intanxibles nun mesmo lenzo, mentres reflicten o seu amor á natureza, o pacifismo, o interese por outras culturas ou a súa paixón pola vida.

Paleta Planeta traballa o gusto polo xénero poético, a conexión entre as artes, un cosmopolitismo nada eurocentrista, a identificación das propias emocións e a súa expresión a través de linguaxes creativas.



Entre Donas VV.AA. 208 páx. 13,00 € ▲

Temos nesta obra dez relatos doutras tantas escritoras galegas actuais, diversas en estilo narrativo, experiencias, recoñecemento e noutros moitos aspectos vitais, pero que coinciden en tomar a palabra e falar con voz propia, colocando as mulleres no centro da historia.



Todos os
produtos están
á venda en
miudinho.gal

miudiño
- S.COOP.GALEGA -

Os nosos bosques. Pinta e colore a Ilustracións de Clara Cerviño

Pinta e colore a baseado no libro *Os nosos bosques*, conta con 45 ilustracións de animais, vexetais e paisaxes cos seus respectivos nomes en diferentes grafías, e así poder practicar e mellorar a comprensión de primeiras lectoras.

◀ 10,00 €

Os nosos mares de Diego García, Noela Sánchez e Jorge Pascual. Ilustracións de Clara Cerviño

Este libro cartoné de gran tamaño amósannos a riqueza de vida que agocha o mar galego, invitándonos a esculcalas e coñecer os bosques somerxidos e os diferentes fondos mariños... para descubriremos a realidade que temos nunha boa parte das augas salgadas do país.

▲ 18,00 €



Proxecto Mitolóxicas

A nova marca de Miudiño S. Coop. Galega

Neste proxecto dámoslle un maior protagonismo ás nosas queridas bonecas de trapo, na procura de dar a coñecer á cativada os seres mitolóxicos, lendas, contos e xacementos arqueolóxicos que temos no país. Estamos a traballar nos novos deseños das mouras, xacias... e novas personaxes que esperamos poidades ver moi pronto! [\[mitoloxicas.gal\]](http://mitoloxicas.gal)



Pandigueiro Apalpador 43,00 € ▲

Polo Nadal...volta a personaxe máis emblemática da nosa tradición. Pandigueiro, apalpador, apalpabarrigas... E ti como lle chamas?

O Pandigueiro miudiño é un fermoso boneco elaborado artesanalmente, con corpo de algodón e recheo de lá natural cardada. O seu é traxe de pana e a camisa de algodón. O cabelo de lá natural tinguido artesanalmente con tinturas naturais no noso obradoiro. Calza zocos de EFerro e o zurrón é un estupendo pai-fillo-nai cativiño.

Lorchas

As lorchas son un xoguete de desprazamento realizado artesanalmente en madeira de piñeiro tratada con aceites naturais e coiro.

As lorchas son sinónimo de diversión, coordinación e cooperación para poder avanzar.

◀ 65,00 €



Os libros poden atoparse en
todas as librerías de Galiza

O nome da rosa de Umberto Eco

Por fin en galego a obra mestra de Umberto Eco. A novela detectivesca medieval que engaiola lectores desde o 1980. Guillermo de Baskerville e Adso fan coma nós nesta marabillosa aventura sobre libros, crimes e as marabillas da Europa medieval.

Tapa dura, 16 × 22 cm, 728 páx. **35,00 € ▼**



Reboiras de Xosé Manuel Pereiro e Xurxo Martínez González

Xosé Ramón Reboiras Noia é moito máis ca Moncho Reboiras, unha imaxe nun cartaz ou nun valado. Unha persoa por riba dun mito. Un dos grandes dirixentes políticos do nacionalismo a quen o franquismo lle arrebatou a mocidade, o entusiasmo e a rebeldía en agosto do 1975.

Neste libro, histórico e xornalístico, Xosé Manuel Pereiro e Xurxo Martínez González, danlles voz aos compañeiros e compañeiras daqueles anos de fulgor e atrevemento, levándonos a un tempo moi distinto do actual onde todo estaba por construír.

▲ **19,95 €** Rústica, 13 × 21 cm, 224 páx.



Bulleira. As abraiantes aventuras de Mariña 2 de Simón Blanco, Miguel Robledo e Ignacio Hernández

Galicia leva máis dunha década na escuridade logo dun apagón que fixo desaparecer a electricidade. Mais polos negativos e positivos investigan como recuperar as enerxías. Quen gañará o desafío?

Segundo volume da serie de aventuras protagonizada por Mariña. Unha frenética aventura na que a moza coñecerá o amor, a perda e a traizón a través dunha chispeante viaxe por lugares resucitados, personaxes de lenda, monstros estremecedores e moitos máis segredos no Camiño de Santiago. *A partir de 10 anos.*

Rústica, 24 × 17 cm, 96 páx. **15,00 € ▲**

PROXIMAMENTE

Heidi de Johanna Spyri Ilustrado por Miguel Robledo

Heidi é unha nena orfa que debe vivir co seu avó, o Metiu dos Alpes, un home con fama de toutizo que non se leva ben con ninguén. Así empeza unha das obras da literatura infantil máis famosas, que por fin chega ao galego da man da tradución de Patricia Buxán Outeiro. Un canto á natureza e ao amor incondicional, que todo o pode. *A partir de 10 anos.*

Tapa dura, 16 × 22 cm, 408 páx. ▼

O que a marea esconde de María Oruña

Todo está pronto para a festa de homenaxe ao ex tenista Basil Rallis a bordo da goleta La Giralda, nas fermosas augas da baía de Santander cando a organizadora, a arrebatadora Judith Pombo, aparece morta encerrada no seu camarote. Todos os invitados pasan a ser sospeitosos nun caso de asasinato aparentemente imposible.

María Oruña homenaxe as novelas de «cuarto pechado» nesta emocionante historia policial onde a tenente galega Valentina Redondo non só terá que resolver o crebacabezas do crime máis extraño da súa carreira senón tamén recompoñer as pezas da súa propia vida.

Rústica, 16 × 22 cm, 352 páx. **20,90 € ►**





◀ 18,50 €

Rústica, 15,5 × 23 cm
304 páx.

XERAIS

Golpes de luz de Leticia Costas

Xulia é xornalista e acaba de separarse, polo que regresa a Galicia co seu fillo Sebas. O rapaz ten dez anos e está convencido de que a avoa Luz é o deus Thor porque nunca se separa do seu martelo. Malia que agoche polvoróns nas medias, beba Sansón ata ver dobre e diga mentiras sen parar, Sebas adora a súa avoa. Xulia non opina o mesmo. Para ela, volver á casa familiar supón enfrontarse a un pasado cheo de segredos que precisa desvelar. O narcotráfico na Galicia dos anos noventa, o mundo dos coidados e a procura da verdade envolven este melodrama, salvaxe e tenro, habitado por uns personaxes inesquecibles. Despois do éxito de *Infamia*, Leticia Costas regresa, dende o seu talento creativo, cunha novela sorprendente e divertida.


A nena lectora de Manuel Rivas. Ilustrado por Susana Suniaga

«Á Aurora achegouse e abrazoume. Detrás dela había un grupo de mulleres. Presentoumas: "Son a miña cuadrilla de cigarreiras. Traballamos xuntas na fábrica. Ti farás que soñemos mentres traballamos." Agora ese ía ser o meu oficio. O de nena lectora».

Entre finais do s. XIX e comezos do XX A Coruña foi faro do pensamento libertario en Galicia. Os ateneos e as bibliotecas de barrio eran a porta de acceso á cultura das clases populares, a solidariedade obreira floreceu. Nas fábricas de tabacos e de mistos as traballadoras organizáronse para mellorar as súas condicións de vida. A lectura dentro das fábricas é o símbolo poderoso deste movemento de esperanza que se viu truncado a partir de 1936.

▲ 15,75 € Cartonado, 19,50 × 26,60 cm. 40 páx.

▼ 25,40 € Rústica, 14,5 × 22 cm. 176 páx.



Cancións de Xela Arias

Música de Desertores (Libro-CD)

Cancións contén as letras que Xela Arias escribiu para o grupo de rock vigués Desertores na segunda metade da década dos 80 e un CD da banda gravado en 2021 que reúne todos os temas escritos pola poeta. Como di Teresa Cuiñas Lavandeira no limiar, estas cancións «son unha mostra do diálogo poético e musical que cultivou durante toda a súa vida». «Teño que recoñecer que me sinto moi-tísimo máis influída polo mundo do rock'n'roll que polo dos poetas galegos», declarou no seu día Xela Arias. Patti Smith, Lou Reed, Radio Futura ou Joy Division estiveron detrás do pulo creativo dunha poeta que sempre procurou a complicidade da música.

◀ 14,90 € Rústica, 14,50 × 22 cm. 120 páx.



Miñoca e Coello de Ramón D. Veiga.

Ilustrado por Iván R.

Miñoca atópase con coello e, aínda que ao principio parecen non facer boas migas, axiña se decatan de que a amizade está moi por riba das diferenzas... Ou, se cadra, non tanto.

Rústica, 17 × 24 cm. 36 páx. 12,20 € ▲

Doces e lambetadas. Receitas con historia

de Matilde Felpeto Lagoa

Este é un libro para ler, para aprender e para gozar da cociña con todos os sentidos. Desde que se comezou a empregar o mel para adoçar e conservar alimentos, ou desde que empezaron a elaborarse con améndoas, cereais, leite, ovos, azucre, ata o descubrimento do cacao, do chocolate, da vainilla, da canela e de diversas froitas, transcorren séculos nos que, paralela á historia da humanidade, se vai forxando a historia da gastronomía. Estas elaboracións naceron ligadas a unha cultura, a un pobo, e outras foron creación dunha cociñeira ou cociñeiro, pero todas se espallaron polo mundo e perduran no tempo. Cada receita ten unha historia e unha evolución: desde a torta de Santiago ás filloas, desde as natas de Belém ao mousse de chocolate, desde a torta real de Allariz ao arroz con leite, desde a crema queimada ao tiramisú; mais tamén o pão-de-ló á charlota, os brownies, os melindres, o roscón de reis, a torta San Marcos ou o pudín de castañas, entre outras moitas.



Mortadelo e Filemón: O estrelato de Francisco Ibáñez

Cartoné, 30 x 21 cm, 48 pág. (Ediciones B, 2002) **6,00 € ▶**




Plantas medicinais de Galiza

Edición de luxo deste marabilloso libro sobre as plantas medicinais de Galiza.

O pracer de identificar no campo a flora curativa da nosa xente maior, e coñecer os seus usos tradicionais, é un estímulo suficiente para querer achegarse a este mundo.

Cartoné, 24 x 34 cm, 140 pág. (A Nosa Terra, 2008) **20,00 € ▼**



Lote Os libro das illas: Cortegada, Cíes, Ons, San Simón

de Amalia Pérez Otero e Michel Casado

Cartoné, 32 pág. (A Nosa Terra, 2009) **30,00 € ▼**

O Reino Medieval de Galicia

de Anselmo López Carreira

Unha contribución á historia política do Reino de Galicia, amplamente documentada, e unha crítica dos tópicos da historiografía oficial.

▲ **15,00 €** Rústica, 24 x 17 cm, 464 pág. (A Nosa Terra, 2008)





Axenda anual 2022 Habelas, hainas de Animosa

Apetéceche un ano novo co pulo desas meigas das que fababan as nosas avoas nos seus contos arredor da lareira? Axenda dunha páxina por día. Con todo o mes dunha ollada pra apunta-las datas crave. Con ferramentas pra tomar decisións, xestionar anoxos, frases motivadoras, e moitas máis sorpresas no seu interior.

◀ **21,90 €** Cartoné, 21,5 × 29,5 cm. 96 pág.



A crebeira Marabillas de Olaia Sendón

Un álbum ilustrado sobre as cousas que o mar deita na praia e as persoas ás que pertenceron e tamén de quenes as recollen.

Marabillas é crebeira. Unha crebeira apaña as cousas que o mar trae á praia. Ás veces o mar tamén trae tesouros, por iso ser crebeira é tan fabuloso.

Cartoné, 26,4 × 21,5 cm. 48 pág. **15,50 € ▶**



Calendario 2022

Ilustrado por de Roser Calafell

Un calendario con adhesivos para marcar días especiais e con divertidas ilustracións en cada mes.es motivadoras, e moitas máis sorpresas no seu interior.


▼ **12,95 €** Cartoné, 32 × 32 cm. 24 pág.



Facer dedo de Guilherme Karsten

Un dos nosos albums infantis favoritos deste ano. Un libro cheo de color, humor e rimas, que vai disfrutar a xente pequena e a non tan pequena.

▼ **15,00 €** Cartoné, 27,5 × 25,5 cm. 36 pág.



Cen historias máxicas pola Mariña encantada de Antonio Reigosa. Ilustrado por Neira Brochs

Antonio Reigosa recolle neste fermoso libro un cento de historias, lendas e contos da Mariña, daqueles cheos de seres e feitos extraordinarios que fóron pasando de boca en boca durante xeracións.

Cartoné, 24 × 22 cm. 200 pág. **21,90 € ▲**



Todos os produtos
están á venda
nas librerías Nobel

Tapa branda
15 × 21 cm
48 páx.
9,95 € ▶



Un lobo de conto de Susana Peix e Mercè Canals

O pequeno lobeto sempre ficaba na cova escoitando os contos que lle contaba a súa nai. Os seus irmáns pensaban que esas historias eran unha perda de tempo, até que un día o lobiño lles deu unha boa lección. Lemos +6 é unha colección creada para fomentar e gozar da lectura, a través de historias que teñen un transfondo cheo de valores que aparecerán de maneira transversal e normalizadora nuns libros que presentan características pensadas e deseñadas desde a súa orixe para facilitar o acceso á lectura aos nenos e nenas.

Non sempre fun unha bruxa de José Carlos Román e Blanca Millán

Ser unha bruxa de conto non é nada fácil. Aínda que teña unha verruga con catro pelos e medio na súa cara, non sempre foi unha bruxa. Antes de selo, tivo que realizar varios traballos que non foron do todo do seu agrado, como ser dependenta dunha oficina do alugueiro de paraugas para zurdos ou empregada nun hotel para gatos de señoras ricas... A primeira colección infantil sobre bruxas, iremos revelando as identidades de todas elas a través de varias entregas nos mini-cumios. Lecturas independentes para lectores autónomos, a partir de 7 anos.

Tapa dura, 15 × 21 cm, 84 páx. **12,95 € ▶**



O meu piollo e máis eu de Txabi Arnal e Malota

Pero adoita suceder que, en ocasións, o incómodo tamén resulta atractivo. E non, non é o malo desta película. Álbum ilustrado onde a imaxe e a palabra escrita se unen para dar forma ao texto definitivo, á proposta artística dos seus autores. Lectura pausada, detallada, ideal para ser compartida entre neno e adulto. E daquilo que se comparte, adoita nacer a afección. Non esperedes unha conclusión predicable, senón máis ben un final cómplice, capaz de regalar ao lector un sorriso a pesar do tráxico de... non daremos máis pistas.

▲ 16,95 € Tapa dura, 25 × 30 cm, 48 páx.

A gran tribo

de José Carlos Román e Leire Martí

O Gran Xefe Loboalente fai sinais de fume: é hora de prepararse para ir a Terra Encantada! Alí a Xefa Sabetodo ensinará á súa tribo novas formas de comunicarse con outras tribos afastadas, divertidas danzas e cánticos, a pintar tatuaxes e explorar terras descoñecidas. Neste álbum ilustrado atopámonos ante a dobre visión coa que adultos e nenos se enfrontan ao momento de ir á escola, mentres que as imaxes nos mostran, desde a nosa visión de adultos, a xornada escolar (un día completo) dun grupo de nenos en Educación Infantil, o texto irá narrando como a están a vivir realmente os seus protagonistas, xa que para eles toda esta xornada converterase nunha auténtica aventura, chea de maxia, xogos e diversión.



Tapa dura
25 × 25 cm
40 páx.

◀ 15,90 €


A vida Incerta de Montse Fajardo

A maioría da xente non sabe como se chamaba a muller de Castelao, e entre a xente que si o sabe, prevalece a idea errónea de que Virxinia Pereira Renda non era mais ca unha señorita conservadora, relixiosa e algo superficial da Estrada. Como moito, xorde a abnegada enfermeira e compañeira do home no exilio que si era, pero hai máis. Esa imaxe deixaba atrás outras facetas dunha muller que permaneceu rexa durante o tempo en que padeceu os rigores do exilio coa mesma intensidade que Castelao, e aínda así puxo por riba de todo a defensa dos valores que pode que el lle transmitise, pero que ela asumiu coma propios e defendeu ata o final da súa vida.



Tapa dura
15,5 × 22 cm
304 páx.

◀ 22,95 €



Tapa dura,
96 páx.

17,00 € ►




Os espías de Oreborg de Jakob Wegelius

Tradución de Moisés Barcia Rodríguez

Un descoñecido baixou do ferrobús na estación de tren de Oreborg. Tiña unha leve coxeira e levaba unha coroa de pequenas flores no sombreiro. Polo demais, non había nada raro nin misterioso nel. Aínda que iso era só o que parecía...

Un par de días despois, Oreborg viuse sacudida por un enorme escándalo de espionaxe e piratería. Nunca foi desvelada toda a verdade sobre este enredo criminal, e a día de hoxe ninguén sabe aínda quen era o forasteiro que coxeaba.

Ninguén salvo o Comandante de Snårholmarna. E o propio misterioso estraño, naturalmente...



Tapa dura,
528 páx.

24,00 € ►

A rosa falsa de Jakob Wegelius

Tradución de Moisés Barcia Rodríguez

«Pediume que escriba todo o que sei sobre o home a quen chamaban Shetland Jack. Fareino. Voulle relatar a súa dura vida. E desvelareille a terrible verdade sobre a súa violenta morte. Pero a historia de Shetland Jack non acabou coa súa morte. E a historia de Jack converteuse en parte da miña propia historia. Tamén debo escribir sobre isto, aínda que sexa difícil para min. Desexaría esquecer moito do que pasou este último ano. A súa amiga, Sally Jones».

A rosa falsa é unha secuela independente dos libros gañadores do premio August *A lenda de Sally Jones* e *O mono do asasino*.



Rústica, 80 páx.

▲ 10,00 €

Petiscos e Petiscos+

Son dous cadernos elaborados polo Equipo Sushi cunha ducia de aventuras para ir abrindo boca á cada vez máis ampla oferta literaria en galego. *Petiscos* está dirixido a público partir de 9 anos, mentres que *Petiscos+* está dirixido a público de máis de 13 anos.

Miñán

de Ibrahima Balde e Amets Arzallus Antia

Tradución de de Garbiñe Ugarte Graziante para luzeta

Ibrahima é un adolescente nacido nunha aldea de Guinea, sen expectativas de futuro. Cando lle morre o pai, convértese no cabeza de familia e exerce diversas profesións, pero o seu soño é ser condutor de camións. Porén, o seu irmán pequeno Alhassane foxe da casa para perseguir o soño europeo, e Ibrahima ten que arriscar a vida para atopalo antes de que embarque nunha patera e convencelo de que volva á casa.

Rústica con lapelas, 176 páx. 17,00 € ►



Gargantúa e Pantagruel de François Rabelais

Tradución, introdución e notas de Henrique Harguindeguy Banet

Con *Pantagruel*, Rabelais presenta unha orixinalidade total: a fusión de xéneros populares (contos, refráns, chufas de estudantes, parodias relixiosas, etc.), a sátira sen piedade dos inimigos do ideal humanista (teólogos sorbonistas, xuristas obsoletos, beatóns cínicos ou frades corruptos), as pinceladas do real na amálgama da fantasía (xa sexan personaxes, tabernas, monumentos, lugares ou itinerarios), o entusiasmo ante as expectativas dun mundo novo e próspero, irmandado pola tolerancia e o saber, fan deste traballo primeirizo unha obra mestra. E sobre todo é orixinal grazas á linguaxe, ricaz pola súa diversidade de rexistros, a súa creación verbal, os seus xogos de palabras, rimas e sons e as súas equívocas ambigüidades.

Seguindo o mesmo esquema de novela de cabalaría, *Gargantúa* non presenta o zigzag narrativo do seu predecesor. Os episodios organízanse en linearidade arredor do único protagonista e o realismo imponse sobre a fantasía. A cohesión argumental e a maduración estilística sonlle necesarias a unha obra cun obxectivo ideolóxico sen perder por iso o carácter lúdico e festivo.

Rústica con lapelas, 356 páx. 23,00 € ►





alvarellos

Á venda en librarías e na tenda
en rede www.alvarellos.info



Soños de Pere Tobaruela. Ilustrado por Víctor Boullón

Sabes o que son os palíndromos? Palíndromo vén do grego *palin* e *dromos*: volver e ir para atrás. Son, pois, esas palabras que se poden ler igualmente de esquerda a dereita ou ao revés.

Este increíble conto está feito todo el de palíndromos. Pero non só os textos. As imaxes tamén convidan a buscar ese mundo de simetrías, ese xogo de espellos...

▲ **14,00 €** Tapa dura, 22,5 × 21,5 cm, 28 páx.

A nena que abrazaba as árbores de Henrique Alvarellos. Ilustrado por Xulia Nieto

Cando cumpríu tres anos, Lucía recibiu un agasallo moi especial de mamá e papá: unha árbore. Un precioso freixo que medra no pequeno bosque preto da casa. Visítalo todas as semanas: obsérvao, úleo, fálalle e, sobre todo, abrázao. Álex, o mellor amigo de Lucía, é cego, mais xuntos descubren igualmente un mundo fascinante cheo de sensacións. Un día o freixo ponse maliño, pero a natureza sempre segue o seu camiño...

▼ **14,00 €** Tapa dura, 21,5 × 28 cm, 36 páx.



Como se di? de Lawrence Schimel.

Ilustrado por Thiago Lopes

Se lle tes que pedir permiso ao rei para xogar no labirinto do seu castelo, como se di?

E cando os avós che traen un agasallo da súa viaxe a Exipto, como se di?

Un conto cheo de imaxes fantásticas e nas que expresións como «por favor» ou «grazas» son a chave para viaxar coa imaxinación.


◀ **14,00 €** Tapa dura, 21,5 × 26 cm, 36 páx.

Na busca de Antón de Ana López Quintela

Por que, se é neno, hai que asignarlle a cor azul e, se é nena, a cor rosa? Por que, se é neno, tenlle que gustar o fútbol e se é nena, a danza?

Velaquí un conto que se formula todas estas preguntas e que aposta pola transformación das «vellas» masculinidades e dos estereotipos de xénero.

Tapa dura, 22,5 × 21,5 cm, 32 páx. **14,00 €** ▼



O meu avó e o queixo de María Reimóndez. Ilustrado por Vanesa Álvarez

Avó e neta comparten o amor polo queixo. Entre eles establécese un divertido diálogo a través do que iremos descubrindo deliciosos queixos de Galicia e do mundo coma o Manchego, o Cebreiro, o de Arzúa ou o Gruyère. Os intreos compartidos entre neta e avó convértense en grandes fiestras abertas a un mundo... que é redondo coma un queixo!


◀ **14,00 €** Tapa dura, 21,5 × 21,5 cm, 32 páx.



**NOVIDADE!****Queda sitio na vasoira?**

de Julia Donaldson e Axel Scheffler

A bruxa vai toda contenta na súa vasoira co seu gato, ata que lle cae o lazo da súa trenza entre as silvas. Aí comeza unha aventura que acabará liando a unha paxara, unha ra, un can e un dragón nunha aventura trepidante e fascinante por terra, por mar e sobre todo, por aire. Este libro é unha mestura de aventuras, risas e nervios nesta historia inesquecible de amizade, monstros e sobre todo, moita maxia!

◀ **16,00 €** Tapa dura, 28,5 × 26 cm, 26 pág.**patasdepeixe**


EDITORA

NOVIDADE!**Nós estamos aquí** de Oliver Jeffers

Nós estamos aquí, apuntamentos para vivirmos no planeta Terra é unha das obras imprescindibles de Oliver Jeffers. En este libro Oliver cóntalle o seu fillo de dous meses como é o lugar onde vivimos, un mundo as veces desconcertante, máis aínda cando acabas de chegar a el. Nesta guía que comeza no espazo, pasando polo planeta, as persoas, o clima... fai un fermoso percorrido que nos fará entender como é o lugar onde vivimos e a importancia de coidar del.

Tapa dura, 25 × 29 cm. 40 pág. **16,00 € ▶****O gran libro dos medos do rato pequeno** de Emily Gravett


O ratiño pequeno tenlle medo a todo, e cando dicimos todo é a TODO. Cada páxina nos desvela un medo novo, mentres o ratiño faise máis e máis pequeno. Pero non te preocupes! O ratiño tenche unha solución infalible para superares calquera dos teus medos!

Tapa dura troquelada, 25,5 × 30 cm. 30 pág. **14,00 € ▲****Na busca dun fogar** de Alexis Deacon
Ilustrado por Viviane Schwarz

Este libro comeza cunha portada troquelada que semella un fogar morno e seguro. Pero que pasa cando ti e os teus irmáns estades moi grandes e xa non cabedes nel? Pois que hai que buscar un novo fogar. Pronto vos decataredes de que esta familia de ratiños vive nun lugar terrible cheo de perigos. Acompaña a esta familia por lagos, labirintos, desertos... axúdaos a enfrontarse á besta e a mil perigo máis ata que atopedes un verdadeiro fogar. O fogar que todos merecemos e debemos protexer.

▲ **12,00 €** Tapa dura troquelada, 29,5 × 25,5 cm, 36 pág.**As herbas de San Xoán**
de Silvia Domínguez

